

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES
"MELLORA DE CAMIÑOS MUNUICIPAIS NO CONCELLO DE MONDOÑEDO"

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación do contrato.

O obxecto do contrato é a realización das obras consistentes en **"Mellora de camiños municipais no Concello de Mondoñedo"**, co seguinte detalle:

NOME D ACTUACIÓN: PREGO

- 1.- VILAMOR
- 2.- OIRAN 1
- 3.- BIDUEIRAS 1
- 4.- BIDUEIRAS 2
- 5.- OIRAN 2
- 6.- PELOURIN

cuxa codificación é CPV: 45233141-9.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación.

A forma de adxudicación do contrato de obras de **"Mellora de camiños municipais no Concello de Mondoñedo"** será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169, 171, 177 e concordantes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrência; é dicir, será necesario contar polo menos, con tres ofertas de empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA. Importe do contrato.

O importe do presente contrato ascende á contía de 77.312,58 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 16.235,64 euros, o que supón un total de 93.548,22 euros.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 77.312,58 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións do mesmo.

O importe aboarase con cargo á aplicación presupostaria 454.619 do vixente Orzamento Municipal de 2016; existindo crédito suficiente ate o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato.

CLÁUSULA CUARTA. Duración do contrato.

A duración do contrato de obras de **"Mellora de camiños no Concello de Mondoñedo"**, será de tres meses.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación da implantación no prazo de tres días desde a data de formalización do contrato.

Poderán existir ata dúas prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrência para a súa adxudicación se realizase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

O órgano de contratación acordará a prórroga e esta será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que se poida producir polo consentimento tácito das partes.

CLÁUSULA QUINTA. Clasificación do contratista.

Non procede, dado que a dita clasificación no será esixible nos contratos de obras de valor estimado inferior a 500.000 euros, de conformidade coa Disposición Transitoria Cuarta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, a título individual ou en agrupación, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os licitadores, persoas naturais ou xurídicas, deberán ter unha finalidade ou actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, de ser o caso, así coma dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Sen prexuízo das disposicións do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, relativas á información que debe darse ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información.

Aos efectos da presentación de propostas, coa documentación establecida no artigo 146 do Real Decreto 31/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, substituirase por unha declaración responsable de que cumpre todos os requisitos legalmente esixidos ó respecto, segundo o ANEXO I deste prego.

No caso de que os datos referidos na declaración responsable non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, a Administración Municipal resérvase o dereito de emprender as accións legais oportunas para reclamarlle os danos e prexuízos que lle puidese ter causado.

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de ofertas e documentación administrativa.

As ofertas presentaranse no Concello, sito na Praza do Concello nº 1, Mondoñedo Lugo, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As proposicións poderán presentarse tamén, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en sobre pechado, asinado polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións e no que se fará constar a lenda **Proposición para licitar á contratación das obras de "Mellora de camiños municipais no Concello de Mondoñedo "**

O prazo para subsanación de deficiencias en canto a forma de presentación da declaración responsable será de tres días.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. A infracción desta norma dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A concorrencia dos requisitos esixidos será no momento de finalización do prazo de presentación de documentación.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente Prego.

Os documentos a incluír no sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Para garantir o bo fin do procedemento, poderase requirir toda ou parte da documentación aos demais licitadores antes da proposta de adxudicación, que deberá aportarse, no seu caso, no prazo de cinco días.

Dentro do sobre, incluíranse os seguintes documentos:

A).- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

1.- Documentación Administrativa.

Aos efectos da presentación de propostas, coa documentación establecida no artigo 146 do Real Decreto 31/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP substituírse por unha declaración responsable de que cumpre todos os requisitos legalmente esixidos ó respecto, segundo o ANEXO I.1 deste prego, requíriéndose a documentación á empresa proposta como adxudicataria, antes da formalización da adxudicación.

2.- Solvencia económica e financeira.

Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Análogo da Comunidade Autónoma nos parámetros establecidos neste prego, acreditarán a inscrición correspondente no rexistro autorizado á data de actualización, que será suficiente para validar a súa solvencia económica e financeira. Farán constar esta circunstancia na correspondente declaración responsable adxunta a este prego como ANEXO I. 1

3.- Solvencia técnica.

Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Análogo da Comunidade Autónoma nos parámetros establecidos neste prego, acreditarán a inscrición correspondente no rexistro autorizado a data de actualización, que será suficiente para validar a súa solvencia técnica así como a profesional. Farán constar esta circunstancia na correspondente declaración responsable adxunta a este prego como ANEXO I. 1

4.- Declaración de vinculación con outras empresas.

Os licitadores en cumprimento do establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, deberán facer constar esta circunstancia na correspondente declaración responsable adxunta a este prego como ANEXO I.1 e ANEXO I.2

B).- OFERTA ECONÓMICA:

a).- A oferta económica presentárase de acordo co seguinte modelo sinalado como ANEXO II.

b) Documentos que permitan valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

Presentárase de acordo co seguinte modelo sinalado como ANEXO III:

CLÁUSULA OITAVA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa, en rolda escrita.

O órgano de negociación estará composto polo Secretario Municipal, o Técnico Director das Obras e a Arquitecta municipal.

Para a valoración das ofertas e a determinación da que sexa economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación.

- Prezo
- Prazo de execución
- Prazo de Garantía

O Prezo: terá ata un máximo de 6 puntos de acordo coa seguinte fórmula:

- 0 puntos - prezo base de licitación.
- 6 puntos - prezo máis baixo ofertado.
- Calcularanse os valores intermedios de forma proporcional.

O Prazo de execución: ata un máximo de 1 puntos

- por cada mes a maiores do prazo previsto no presente prego 0,5 punto.

O Prazo de garantía: ata un máximo de 3 puntos

- por cada ano a maiores do prazo previsto no presente prego 1 punto.

O órgano de negociación procederá do seguinte xeito:

- Preparará un informe inicial de valoración no que se lle aplicarán ás proposicións económicas e técnicas presentadas os criterios de adxudicación previstos no prego.

- O órgano negociador invitará por escrito a negociar aos licitadores indicando os aspectos obxecto de negociación recollidos no presente prego, poñendo no seu coñecemento o informe inicial antes citado, sen identificar ás empresas que presentaron as ofertas.

- O licitadores poderán presentar no prazo de tres días a súa contestación, por escrito en sobre pechado e dirixido ao órgano encargado da negociación, presentándoo no rexistro do órgano de contratación no domicilio expresado no presente prego, Praza do Concello nº 1, **Mondoñedo (Lugo)**

- A contestación do licitador poderá reformular ou mellorar os termos da súa oferta inicial ou indicar que se mantén nos termos orixinais.

- As novas ofertas que se presenten deberán estar sempre orientadas globalmente á mellora das súas condicións iniciais.

- As novas ofertas que se presenten deberán sempre concretar a mellora nos criterios que se ofrece, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta mais vantaxosa doutro licitador no criterio ou criterios considerados.

No procedemento darase trato por igual a tódolos licitadores e, en particular, non se facilitará, de forma discriminatoria, información que poda dar vantaxe a determinados licitadores con respecto aos restantes. En particular, non se poderá revelar aos demais participantes as solucións propostas por un participante ou outros datos confidenciais que este lles comunique, sen previo acordo deste participante.

Unha vez efectuadas as actuacións anteriores, o órgano encargado da negociación declarará concluída a fase de negociación e dará traslado ó órgano de contratación dos resultados de esta, acompañando o expediente correspondente á fase de negociación e un informe técnico coa valoración das ofertas presentadas de acordo cos criterios de adxudicación establecidos.

En particular, darase conta ao órgano de contratación das proposicións presentadas que incumprisen as prescricións do prego non susceptibles de negociación, a efectos de que este acorde a súa exclusión.

O órgano de contratación valorará as proposicións dos licitadores, a este efecto poderá pedir os informes técnicos que considere precisos, e procederá de acordo co establecido para a adxudicación do contrato no artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA NOVENA. Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofreza o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

Aplicarase en calquera caso, o contemplado no artigo 211 do mesmo texto legal (Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

CLÁUSULA DÉCIMA. Apertura de ofertas.

A apertura das ofertas deberá realizarse no prazo máximo dun mes contado desde a data de finalización do prazo para presentalas.

O órgano de contratación examinará e cualificará a documentación contida nas ofertas presentadas.

Se fose necesario, o órgano de contratación poderá conceder un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada, que remitirá aos servizos municipais a efectos de valoración e comezará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Requirimento da documentación

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (se a achega inicial da documentación é substituída por unha declaración responsable do licitador), *así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social*, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do

Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Garantía definitiva.

O candidato que presente a oferta máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

d) Mediante retención do prezo do contrato polo importe da garantía definitiva e mediante solicitude do adxudicatario que deberá acompañar, no seu caso, da conta bancaria que se require para a formalización do contrato.

A petición do contratista, esta retención poderá ser substituída durante a vixencia do prazo de garantía por calquera das outras formas de garantía contempladas neste artigo.

Esta retención aplicarase á primeira certificación de obra, e no seu caso ás seguintes, no caso de que non bastase o importe da primeira certificación emitida polo contratista e regulamentariamente aplicada.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorridos 6 meses desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Adxudicación do contrato.

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.

- Ao respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.

- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.

- Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que se debe proceder á formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Formalización do contrato.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución del, así como a incautación da garantía provisional que, de ser o caso, se esixise.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Dereitos e obrigas do adxudicatario.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista as seguintes:

A).- Aboamentos ao contratista:

- A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinala o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

- O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

- Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sempre que conte cos informes favorables do Director de Obra e do Secretario municipal e así o acorde o órgano de contratación.

B).- Obrigas do contratista:

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

– Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

– O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

– O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro para os supostos de subcontratación.

– Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.

– O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.

– Gastos esixibles ao contratista. Correrán pola conta do contratista os gastos que se puideran derivar das publicacións legalmente esixibles. En caso de que o esixa algunha das administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa custa letreiros de identificación da obra, coas características que se establezan.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Facturas.

Conforme ó establecido na Disposición Adicional Trixésimo Terceira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación, que é a Xunta de Goberno Local do Concello de Mondoñedo. A factura deberá reunir tódolos requisitos esixibles na lexislación mercantil, fiscal e contractual.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Plan de seguridade e saúde no traballo.

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e

saúde no traballo da obra, axustado ao contemplado no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

No devandito documento incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O documento será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Revisión de prezos.

Non se contempla.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Recepción e prazo de garantía.

Á recepción das obras, no momento da súa terminación, concorrerá o responsable do contrato, se houberse un nomeado, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se se considera oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista á conta da liquidación do contrato.

Se se encontran as obras en bo estado e de acordo coas prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daraas por recibidas, redactarase a correspondente acta e comezará entón o prazo de garantía.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas, farase constar así na acta e o director delas sinalará os defectos observados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para remediar aqueles. Se, transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuou, poderáselle conceder outro novo prazo improrrogable ou poderase declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de 1 ano contado desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará liberado de toda responsabilidade, salvo da responsabilidade por vicios ocultos, e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pagamento das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. Se o informe non fose favorable e os defectos observados se deberan a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a lle ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído e concederalle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Execución do contrato.

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación da implantación e do inicio das obras. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización, salvo en casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a realizar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do proxecto de obras; esta segunda acta do resultado redactarase e será asinada por ambas as partes interesadas. Remitiráselle un exemplar dela ao órgano que asinou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle desen ao contratista o director facultativo das obras, nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Modificación do contrato.

Dadas as características do proxecto aprobado non se contemplan modificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Penalidades por incumprimento.

A.- Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas derivadas do presente contrato. As infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ó maior ou menor prexuízo que se cause á Administración ou ós usuarios. Imporanse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das infraccións previstas a continuación:

A.I.- Por incumprimento das condicións de execución.

O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista de penalidades, e como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, supostos en que poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade. Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial deban aboarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 212.8 do TRLCSP.

A.II.- Por cumprimento defectuoso.

Se ó tempo da recepción, a prestación non se axustase ás prescricións establecidas para a mesma no contrato, imporanse penalidades ó contratista, e que como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade. En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos, danos e prexuízos.

A.III.- Tipos e graduacións:

1.- Terán a consideración de faltas **MOI GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

a) A execución manifestamente irregular do contrato.

b) A cesión de todo ou parte do contrato baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano de contratación, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.

c) A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e nas proposicións do contratista.

d) A modificación do programa de execución das obras sen previa autorización municipal.

e) O incumprimento das obrigas laborais, de Seguridade Social ou de seguridade e saúde laboral.

f) A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas graves no presente Prego nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

2.- Terán a consideración de faltas **GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

a) A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades.

b) O incumprimento das ordes ou instrucións referentes á execución das obras dadas pola Administración Municipal ó adxudicatario ou do prazo que para o efecto se outorgue.

c) A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas leves no presente Prego nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

3.- Terán a consideración de faltas **LEVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

a) Falta de respecto ó público, ós inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade.

b) O incumprimento do contrato que non supoña reiteración e que non conte coa consideración de falta grave ou moi grave.

c) Por incumprir criterios de adxudicación.

Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ó descontarse un 25 % da puntuación obtida polo contratista polo criterio de adxudicación incumprido resultase que a súa proposición non sería a mellor valorada.

Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, según proceda. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a súa gravidade.

4.- Por incumprimento do deber de comunicación da recepción.

Si chegado o fin do prazo de execución do contrato o contratista non houberse realizado a comunicación a Administración para proceder a recepción das obras, incorrerá automaticamente en mora, podendo entón a Administración acordar a resolución do

contrato ou impor ao contratista unha penalización diaria de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

5.- Por Demora.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

A.IV.- Criterios de graduacións.

Aos efectos de aplicación de responsabilidades terase en conta:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando así fose declarado por resolución firme.
- d) O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

A.V.- Procedemento:

As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación mediante expediente contradictorio e con audiencia ao interesado por un prazo de quince días, adoptado a proposta do responsable do contrato que se designara, e será inmediatamente executivo. Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía que, no seu caso, fose constituída, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

A imposición das penalidades sinaladas non exclúe a obriga do contratista de indemnizar os danos que causase a demora na execución do contrato.

Se a administración optase pola resolución, esta será acordada polo órgano de contratación, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do contratista e, cando se formule oposición por parte de este, o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Cando os retrasos non fosen imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle concedera prórroga, a Administración concederalle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

B.- A imposición de calquera das penalidades previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario. Tamén coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán apreciados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente a súa contía e o prazo para satisfacelos.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Resolución do contrato.

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Réxime xurídico do contrato.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Mondoñedo a 22 de xuño de 2016.

A Alcaldesa-Presidenta,

Asdo.: María Elena Candia López

ANEXO I.1

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

DENOMINACIÓN: **"Mellora de camiños municipais no Concello de Mondoñedo"**

DATOS DO DECLARANTE:

D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, teléfono _____, fax _____, con correo electrónico _____,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que teño poder bastante de representación para a subscripción do presente documento.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incursos en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).
- Que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da Entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, de 10 de abril, de Regulación dos Conflitos de Intereses dos Membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de Incompatibilidades dos Membros da Xunta de Galicia e Altos Cargos da Administración Autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma.
- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto de estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.

- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.

- Que a entidade se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (nº _____)

- Calquera outro Rexistro Autonómico análogo (nº _____)

- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a)

b), etc.

AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,
Asdo.: _____.-

ANEXO I.2

MODELO DE VINCULACIÓN CON OTRAS EMPRESAS

Don/ Dona.....con dni:..... e como
Representante Legal da empresa.....con
cif.....e con enderezo fiscal
en.....

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE :

- a empresa que represento.....con cif:
.....non está vinculada con outras empresas.
- a empresa que represento.....con cif:
..... está vinculada coas seguintes empresas:

1.
 2.
 3.
-

(Esta vinculación apreciarase nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. As empresas que actúen baixo unidade de decisión ou unha dirección única, en particular, cando a maioría dos membros do órgano de administración da sociedade dominada sexan membros do órgano de administración ou altos directivos da sociedade dominante ou doutra dominada por esta.

De non ser o caso indicará con cales empresas ten vinculación, nos termos establecidos no punto anterior).

En a dede 2016.

Asdo.:

ANEXO II

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, xa que recibín unha invitación para a presentación dunha oferta e xa que estou informado das condicións e requisitos esixidos para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de _____, fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

En _____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do candidato,

Asdo.: _____.-

ANEXO III:

MODELO MELLORAS PROPOSTAS

D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, manifesta, a súa vontade de presentar ofertas ás melloras propostas polo Concello de Taboada, referidas á obra "**Mellora de camiños municipais no Concello de Mondoñedo**"

- Prezo: _____.-
- Calidade: -----
- Prazo de execución: _____.-
- Prazo de garantía: _____.-

En _____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do candidato,

Asdo.: _____.-

-ANUNCIO DE LICITACIÓN-

De acordo co adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, por medio deste anuncio realízase a convocatoria do procedemento negociado sen publicidade, do contrato negociado de obras para a obra "**Mellora de camiños municipais no Concello de Mondoñedo**" conforme os seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora: Concello de Mondoñedo (Lugo), Praza do Concello nº 1, 27740 Mondoñedo. Dependencia que tramita o expediente: Secretaría. .

2. Obxecto do contrato: Contrato administrativo de obra para a obra "Mellora de camiños municipais no Concello de Mondoñedo".

3. Orzamento base de licitación: Importe sen IVE: 77.312,58 euros. Importe total: 93.548,22 euros.

4. Prazo de execución: 3 meses.

5. Obtención de información: Concello de Mondoñedo (Lugo). Teléfono: 982524003.

6. Procedemento de adxudicación: Negociado sen publicidade.

7. Tramitación: Ordinaria.

8. Criterios de adxudicación.

- Prezo.
- Prazo de Execución.
- Prazo de Garantía.

9. Garantía provisional: Non se esixe.

10. Garantía definitiva: 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

11. Presentación proposicións: No Rexistro de Entrada do Concello de Taboada.

Mondoñedo a 29 de xuño de 2016

A Alcaldesa

Asdo: M^a Elena Candia López.